

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN “BOLSAS COMEDOR” NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

No ámbito da súa competencia, a Universidade de Vigo desenvolve anualmente programas complementarios de axudas ao alumnado para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas, encamiñadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **bolsas comedor** complementarias ás bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes (MEFPD) para estudantado da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras do Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770bDIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F**

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS COMEDOR COMPLEMENTARIAS ÁS BOLSAS DE CARÁCTER XERAL DO MEFP PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025

1. OBXECTO

Estas bolsas teñen por obxecto garantir a igualdade de oportunidades do estudantado cunha situación económica que poda dificultar o seu acceso e permanencia na universidade.

2. REQUISITOS

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter concedida a bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación; Formación Profesional y Deportes (MEFPD) para o curso 2024/2025 no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar matriculado/a no curso 2024/2025 en estudos de Grao ou Máster Universitario en centros propios, ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- c) Estar matriculado en réxime presencial de **42 créditos ou mais**, agás no caso de alumnado con discapacidade de grao igual ou superior ao 65% que poderá reducir a carga lectiva ata un máximo do 50%.
- d) Non superar o número máximo permitido de bolsas comedor concedidas en cursos anteriores:
 - 6 bolsas concedidas para alumnado de Grao da Rama de Enxeñaría,
 - 5 bolsas concedidas para alumnado do resto de estudos de Grao,
 - os anos dos que conste o plan de estudos nos estudos de Máster Universitario.
- e) A suma de rendas de todos os membros da unidade familiar non pode superar os seguintes limiares:

Familias de 1 membro: 9.450,00 euros.

Familias de 2 membros: 16.467,00 euros.

Familias de 3 membros: 22.643,00 euros.

Familias de 4 membros: 27.416,00 euros.

Familias de 5 membros: 31.307,00 euros.

Familias de 6 membros: 34.539,00 euros.

Familias de 7 membros: 37.719,00 euros.

Familias de 8 membros: 40.863,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181,00 euros por cada novo membro computable.

Será de aplicación a efectos da composición da unidade familiar e cálculo de renda o disposto na normativa de bolsas MEFPD de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2024/2025.

Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria son complementarias e compatibles coas bolsas de carácter xeral do MEFPD.

Son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade.

CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F



O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.01 e ascende a un máximo de 250.000,00 €. Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada a contía total máxima ten carácter estimado e a adxudicación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 58 do *Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións*, poderase fixar unha contía adicional. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVIGO e nos rexistros xerais da universidade, con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. A contía máxima de cada bolsa será de **500 €**. No caso de non esgotar o orzamento dispoñible, o crédito restante poderá ser repartido por acordo da comisión de selección entre as persoas beneficiarias da bolsa incrementando a contía máxima.

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación mediante transferencia á conta bancaria sinalada na solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na secretaría virtual da Universidade <http://secretaria.uvigo.gal/> na que deberá rexistrarse e seleccionar "bolsas propias de estudos" / **BOLSAS COMEDOR**.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os/as interesados/as neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitarase que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte á publicarse esta convocatoria e remata o **23 de xaneiro do 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).
3. A presentación da solicitude implica a autorización para que na xestión desta convocatoria se teñan en conta os datos de renda e de composición de unidade familiar da bolsa de carácter xeral do MEFPD polo que non é necesario presentar documentación. Poderáselle requirir que acheguen documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.



CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións xunto coa documentación a través da secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo coa seguinte puntuación:

Número de membros da unidade familiar	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a	Renda inferior a
1	9.450 €	8.422 €	5.664 €	3.771 €
2	16.467 €	12.632 €	10.341 €	7.278 €
3	22.643 €	16.843 €	14.618 €	10.606 €
4	27.416 €	21.054 €	18.411 €	13.909 €
5	31.307 €	24.423 €	21.906 €	17.206 €
6	34.539 €	27.791 €	25.133 €	20.430 €
7	37.719 €	31.160 €	28.293 €	23.580 €
8	40.863 €	34.529 €	31.394 €	26.660 €
Puntos	1	2	3	4

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181,00 euros por cada novo membro computable.

No caso de empate, terá prioridade a persoa coa nota máis alta do curso anterior.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

Miguel Ángel Nombela Castaño, profesor da Facultade de Ciencias do Mar

Uxío Pérez Rodríguez, profesor da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Óscar Rubiños López, profesor da Escola de Enx. de Telecomunicación

Ana María Torrado Agrasar, profesora da Facultade de Ciencias

Sandra Martínez Gómez, alumna da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Maria Victoria Oposo Tato, alumna da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Estela Rodríguez Pousa, alumna da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións a través da secretaría virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviará a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.



CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F

A resolución conterá a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, denegada e a causa de denegación**, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas no prazo de **cinco días hábiles** contados desde a resolución de adxudicación, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pago. As renuncias aceptadas darán lugar a perda dos dereitos económicos no seu caso e á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o curso académico 2024/2025 para poder manter a súa condición de bolseira.
- Declarar todas as bolsas ou axudas concedidas da mesma natureza e finalidade no curso 2024/2025.

Ademais o beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexa de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e da perda do dereito de cobro destas bolsas:

- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.
- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.
- A anulación de matrícula, arquivo da matrícula por falta de pagamento ou traslado expediente a outra Universidade durante o curso académico 2024/2025.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha causa de revogación desta axuda, estará obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA



CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada Lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf



CSV : GEN-d8a4-f90b-bc7c-12f2-de48-a3a2-71cd-770b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 19/12/2024 10:16 | NOTAS : F